

Disposición derradeira

Este decreto producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, dous de xuño de dous mil cinco.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Alberto Núñez Feijoo
Vicepresidente primeiro e conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 25 de maio de 2005 pola que se autoriza o cambio de titularidade do centro privado La Inmaculada de Ponteareas (Pontevedra).

Examinado o expediente presentado polo centro privado La Inmaculada de Ponteareas (Pontevedra), no que solicita o cambio de titularidade do devandito centro.

Resultando que mediante escritura pública notarial, o Instituto de Dereito Pontificio Vita Et Pax in Christo Jesu cede a súa titularidade, a todos os efectos, ao Patronato da Fundación Félix Rodríguez González, aceptando este a dita cesión.

Resultando que o referido centro docente ten a correspondente autorización para impartir ensinanzas.

Vistos o Decreto 133/1995, do 10 de maio (DOG do 22 de maio), sobre autorización de centros docentes privados para impartir ensinanzas de réxime xeral non universitarias e a Orde do 20 de setembro de 1995 (DOG do 15 de decembro) que o desenvolve.

Considerando que se cumpriron neste expediente os requisitos exixidos pola normativa vixente nesta materia.

Esta consellería, por proposta da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa,

DISPÓN:

Autorizar o cambio de titularidade do centro privado La Inmaculada de Ponteareas (Pontevedra), código 36007527, a favor do Patronato da Fundación Felix Rodríguez González, con todos os dereitos e obrigas contraídas polo cesionista Instituto de Dereito Pontificio Vita et Pax in Christo Jesu, sen prexuízo das responsabilidades que poidesen recaer sobre o anterior titular do centro por actos ou omisións realizados antes do cambio de titularidade que se autoriza.

O cambio de titularidade non afectará o réxime de funcionamento do centro.

Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos

116 e 117 da Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro), de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2005.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN, INDUSTRIA E COMERCIO

Orde do 21 de xuño de 2005 pola que se convoca o Premio José Varela de Montes de Investigación Sanitaria e o Premio para Investigadores Mozos (área sanitaria) correspondentes aos Premios Galicia de Investigación 2005.

O Decreto 202/1998, do 25 de xuño, modificado polos decretos 138/1999 e 177/2002 do 7 e 10 de maio respectivamente, crea os Premios Galicia de Investigación para recompensar o traballo de investigadores prestixiosos realizado desde Galicia, por galegos e en prol de Galicia para estimular os investigadores mozos e para favorecer o recoñecemento social do seu labor, así como o papel da investigación como promotora do desenvolvemento a través da innovación empresarial.

O Decreto 223/2003, do 11 de abril, polo que se regula a estrutura orgánica da Consellería de Innovación, Industria e Comercio e se distribúe a competencia para o exercicio da potestade sancionadora entre os seus órganos, establece que a xestión do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (PGIDIT 2002-2005) é competencia da Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento. O dito plan inclúe nos seus programas horizontais, entre outras, diversas accións de sensibilización social nas que se encadran os Premios de Investigación e Innovación.

Polo que antecede, esta consellería,

DISPÓN:

Artigo 1º.-Convocar o Premio José Varela de Montes de Investigación Sanitaria correspondente ao ano 2005, consonte as seguintes bases:

Primeira.-O premio, que se refire ao conxunto dunha traxectoria investigadora, estará dotado con 37.000 euros que se aboarán con cargo á partida orzamentaria 08.05.432B.480.0 do orzamento de gastos da Consellería de Innovación, Industria e Comercio, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, para o ano 2005, así como un diploma acreditativo e un medallón esculpido en bronce, coa efixie e o nome de José Varela de Montes no anverso e coa inscrición Premio Galicia de Investigación Sanitaria 2005. Xunta de Galicia e o nome do galardado no reverso.

Segunda.-Poderán optar ao premio José Varela de Montes de Investigación Sanitaria aquelas persoas que veñan realizando investigación, polo menos, desde hai quince anos na área sanitaria e que se encadren nalgún dos seguintes puntos:

a) Os investigadores adscritos a centros públicos ou privados de investigación situados en Galicia.

b) Os investigadores galegos non vencellados a centros situados en Galicia.

c) Os investigadores que, non estando incluídos en ningún dos puntos anteriores, abordasen temas directamente relacionados con Galicia.

Terceira.-Para concorrer ao premio os candidatos serán propostos por algunha institución académico-científica, pública ou privada, con personalidade xurídica propia, ou estarán avalados, polo menos, por dez investigadores da área, no caso de que concorran por iniciativa propia.

Cuarta.-As candidaturas, formalizadas no modelo oficial que se publica como anexo I a esta orde (e tamén ao dispor dos interesados na internet nos enderezos: <http://www.dxid.org> e <http://www.xunta.es/conselle/in>), irán acompañadas da seguinte documentación:

a) Currículum vitae completo do candidato (oito exemplares).

b) Breve memoria na que se xustifica que o traballo do candidato o fai acredor do premio (oito exemplares).

c) Copia das publicacións máis relevantes, ata un máximo de dez.

d) Calquera outra documentación que se estime oportuna.

Quinta.-As solicitudes presentaranse na Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento, Xunta de Galicia, sita na rúa Feáns, nº 7, local C, C.P. 15706, Santiago de Compostela, no prazo de 40 días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación no DOG desta orde, ou por calquera dos procedementos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Sexta.-O xurado será nomeado polo conselleiro de Innovación, Industria e Comercio e estará formado por sete expertos na área, dos cales un actuará como presidente. Tres deles, poderán ser propostos polas universidades do sistema universitario de Galicia, un por cada unha. Outro polas outras institucións académico-científicas galegas competentes na área. Os restantes pola Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento, que tamén propondrá un funcionario que exercerá as funcións de secretario sen dereito a voto. O xurado elaborará a súa proposta tendo en conta o conxunto da traxectoria investigadora do candidato e a relevancia das súas contribucións.

Artigo 2º.-Convócase o Premio de Investigación Sanitaria para investigadores mozos correspondente á convocatoria de 2005, consonte ás seguintes bases:

Primeira.-O premio estará dotado con 6.100 euros, con cargo á partida orzamentaria 08.05.432B.480.0 do orzamento de gastos da Consellería de Innovación, Industria e Comercio para o ano 2005, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, así como un diploma acreditativo.

Segunda.-Poderán concorrer a este premio os investigadores que poidan encadrarse nalgún dos puntos da base segunda do artigo 1º desta orde, sempre que non transcorresen máis de seis anos desde a presentación da súa tese de doutoramento.

Terceira.-As solicitudes dos candidatos, formalizadas no modelo oficial que se publica como anexo II a esta orde (e tamén ao dispor dos interesados na internet no enderezo: <http://www.dxid.org> e <http://www.xunta.es/conselle/in>, irán acompañadas da seguinte documentación:

a) Currículum vitae completo (oito exemplares).

b) Breve memoria xustificativa de que o traballo do candidato o fai acredor do premio (oito exemplares).

c) Copia das publicacións máis relevantes, ata un máximo de cinco.

d) Calquera outra documentación que se estime oportuna.

Cuarta.-O prazo e lugar de presentación das solicitudes serán os establecidos na base quinta do artigo 1º desta orde.

Quinta.-Actuará como xurado o establecido na base sexta do artigo 1º desta orde, que elaborará a súa proposta en atención ao esforzo e á creatividade dos candidatos presentados.

Artigo 3º.-Os premios poderán ser declarados desertos. Os xurados adoptarán os seus acordos por maioría simple, dirimindo o voto de calidade do presidente no caso de empate. Os acordos dos xurados serán inapelables. Os xurados trasladarán as súas propostas á Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento, que, a súa vez, as elevará ao conselleiro de Innovación, Industria e Comercio para a súa resolución definitiva. A resolución, que porá fin á vía administrativa, será publicada no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 4º.-Os premios obxecto desta convocatoria, unha vez resoltos, serán entregados en acto público que se anunciará oportunamente.

Artigo 5º.-A convocatoria, as súas bases e todos cantos actos administrativos se deriven dela, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos na Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 6º.-Para os efectos establecidos nos artigos 42.2º e 43.4º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, o prazo máximo para resolver as solicitudes correspondentes será de seis meses, contados desde a data de publicación desta convocatoria, ditándose resolución expresa con respecto á devandita liña de axudas.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2005.

Juan Rodríguez Yuste
Conselleiro de Innovación, Industria e Comercio

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN,
INDUSTRIA E COMERCIO



GALICIA INNOVACIÓN

Plan Galego de Investigación,
Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica
2002 - 2005

COFINANCIADAS POLO FSE
PROGRAMA DE SENSIBILIZACIÓN SOCIAL

ANO 2005

MODELO PSS-05

PROCEDEMENTO PREMIOS GALICIA DE INVESTIGACIÓN. PREMIO JOSÉ VARELA DE MONTES DE INVESTIGACIÓN SANITARIA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN821A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DA INSTITUCIÓN PROPOÑENTE (1)

INSTITUCIÓN		CIF	
ENDEREZO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

(1) Se o candidato non é proposto por unha institución académico-científica deberá estar avalado, polo menos, por dez investigadores da área de ciencias sociais

E, na súa representación (2):

APELIDOS	NOME	NIF	
ENDEREZO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

(2) Se a candidatura está avalada por investigadores, indique o nome do primeiro deles.

DATOS DO CANDIDATO PROPOSTO

APELIDOS	NOME	NIF	
ENDEREZO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

OBSERVACIÓNS:

A esta solicitude xuntaránselle os seguintes documentos:

- Currículo completo do candidato (oito copias).
- Breve memoria na que se xustifica que o traballo do candidato o fai acredor do premio (oito copias).
- Copia das publicacións máis relevantes (máximo dez).
- Calquera outra documentación que se considere oportuna.

<p>LEXISLACIÓN APLICABLE</p> <p><i>Decreto 202/1998, do 25 de xuño, modificado polos decretos 138/1999 e 177/2002, do 7 e 10 de maio, polos que se crean os Premios Galicia de Investigación, e o Premio Galicia á Innovación Empresarial.</i></p> <p><i>Orde do 21 de xuño de 2005 pola que se convoca o Premio José Varela de Montes de Investigación Sanitaria e o Premio para Investigadores Mozos (área sanitaria) correspondentes aos Premios Galicia de Investigación 2005.</i></p>
SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

Director xeral de Investigación e Desenvolvemento

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS
		DATA DE SAÍDA

Santiago de Compostela

ANEXO II



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN,
INDUSTRIA E COMERCIO



GALICIA INNOVACIÓN

Plan Galego de Investigación,
Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica
2002 - 2005

COFINANCIADAS POLO FSE
PROGRAMA DE SENSIBILIZACIÓN SOCIAL

ANO 2005

MODELO PSS-04

PROCEDEMENTO PREMIOS GALICIA DE INVESTIGACIÓN. PREMIO INVESTIGADORES MOZOS (ÁREA SANITARIA)	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN822A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

APPELLIDOS		NOME		NIF
ENDREZO			LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	DATA DE NACEMENTO	

DATOS DA TESE DE DOUTORAMENTO

TÍTULO	
DIRECTOR	
DATA DE LECTURA	UNIVERSIDADE

OBSERVACIONES:

A esta solicitude xustaránselle os seguintes documentos:

- Currículo completo do solicitante (oito copias).
- Breve memoria xustificativa de que o traballo do candidato lle fai acreedor do premio (oito copias).
- Copia das publicacións máis relevantes (máximo cinco).
- Calquera outra documentación que se considere oportuna.

LEGISLACIÓN APLICABLE

Decreto 202/1998, do 25 de xuño, modificado polos decretos 138/1999 e 177/2002, do 7 e 10 de maio, polos que se crean os Premios Galicia de Investigación, e o Premio Galicia á Innovación Empresarial.

Orde do 21 de xuño de 2005 pola que se convoca o Premio José Varela de Montes de Investigación Sanitaria e o Premio para Investigadores Mozos (área sanitaria) correspondentes aos Premios Galicia de Investigación 2005.

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

. de de

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

/ /

DATA DE EFECTOS

/ /

DATA DE SAÍDA

/ /

Orde do 21 de xuño de 2005 pola que se convoca o Premio Galicia á Innovación Empresarial correspondente aos Premios Galicia de Investigación 2005.

O Decreto 202/1998, do 25 de xuño, modificado polos Decretos 138/1999 e 177/2002 do 7 e do 10 de maio respectivamente, crea, ademais dos Premios Galicia de Investigación, o Premio Galicia á Innovación Empresarial, destinado a recoñecer e estimular o esforzo innovador por parte das pequenas e medianas empresas (Pemes). A innovación tecnolóxica é un elemento clave para aumentar a produtividade das empresas e consecuentemente a súa competitividade, converténdose así nun instrumento de primeira orde para lograr o desenvolvemento económico de Galicia.

O Plan Galego de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico (2002-2005), aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 14 de marzo de 2002 (DOG do 4 de abril) ten, entre outros, o obxectivo de fomentar a participación das empresas no proceso de innovación. A este respecto, e conforme dispón o artigo 7 do Decreto 223/2003, do 11 de abril (DOG de 24 de abril), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Innovación, Industria e Comercio e se distribúe a competencia para o exercicio da potestade sancionadora entre os seus órganos, a xestión do PGIDIT é competencia da Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento, como centro directivo integrado na dita consellería e encargado da ordenación, planificación, coordinación, execución e seguimento das competencias en materia de investigación.

Por esta razón, e tendo en conta as súas competencias, tanto a Consellería de Innovación, Industria e Comercio como o Instituto Galego de Promoción Económica (Igappe) decidiron, como continuación da colaboración iniciada no ano 1999, apoiar economicamente a convocatoria do Premio á Innovación Empresarial 2005, creado polos devanditos decretos, aportando 31.970 € e 18.030 € respectivamente.

En consecuencia, esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1º

Convocar o Premio Galicia de Innovación Empresarial destinado ao recoñecemento das pequenas e medianas empresas que teñan feito un notable esforzo innovador contribuíndo á transferencia e á explotación dos resultados da investigación, de acordo coas seguintes bases:

Primeira.-O premio estará dotado con 50.000 euros que se aboarán con cargo á partida orzamentaria 08.05.432A.770.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005.

A dotación desta partida realizouse con fondos da Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento (31.970 €) e con fondos do Igappe (18.030 €) que

foron obxecto dunha ampliación de crédito na aplicación da Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento. O premio vai acompañado dun diploma acreditativo e dunha placa conmemorativa.

Estas axudas acóllense ao réxime autorizado nº N 498/2000, Réxime de axudas rexionais ao investimento, a investigación, a formación, o rescate e a reestruturación, o emprego non vinculado ao investimento e as Pemes (Galicia), aprobado por Decisión da Comisión Europea en data 20-6-2001 para o período 2000-2006 e o Decreto 172/2001, do 12 de xullo sobre incentivos para o desenvolvemento económico e fomento da actividade empresarial na Comunidade Autónoma de Galicia.

Segunda.-Poderán concorrer ao premio as Pemes galegas situadas ou non en Galicia, que teñan feito un notable esforzo innovador nos últimos catro anos e non recibisen o premio no dito período. Poderán ser premiadas outras Pemes non galegas con algún tipo de vinculación acreditada con Galicia e que teñan realizado unha innovación tecnolóxica salientable nos últimos catro anos. Así mesmo, tamén poderán concorrer ao citado premio aquelas empresas que, como consecuencia do seu esforzo innovador, deixaron de ser Pemes transformándose en grandes empresas sempre que a dita transformación se producise nos últimos tres anos.

Entenderase por pequena e mediana empresa (PE-ME), de acordo co disposto na Recomendación da Comisión das Comunidades Europeas do 6 de maio de 2003 (DOUE L 124, do 20 de maio), as empresas que cumpran as condicións seguintes:

a) Que empreguen a menos de 250 persoas.

b) Que teñan un volume de negocio anual que non exceda de 50 millóns de euros ou cun balance xeral anual que non exceda de 43 millóns de euros.

Para o cálculo dos efectivos e os importes financeiros mencionados estarase ao disposto na Recomendación da Comisión do 6 de maio de 2003 sobre a definición de microempresas, pequenas e medianas empresas (DOUE L 124, do 20 de maio).

Terceira.-As candidaturas serán presentadas polas propias empresas ou pola Confederación de Empresarios de Galicia utilizando o modelo oficial que se publica como anexo a esta orde e dispoñible na internet nos enderezos:

-<http://www.dxid.org>

-<http://www.xunta.es/conselle/in>

As solicitudes irán xunto cos seguintes documentos:

1. Copia cotexada da tarxeta de persoas xurídicas ou tarxeta de identificación fiscal.

2. Poderes suficientes do solicitante e copia compulsada da escritura de constitución e modificación, e, se é o caso, da persoa xurídica á que representa, debidamente inscrita no rexistro mercantil ou industrial.